



INSTRUCCIÓN DA DIRECCIÓN XERAL DE EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E INNOVACIÓN EDUCATIVA POLA QUE SE CONVOCAN PROBAS EXTRAORDINARIAS DE ACCESO AOS ESTUDOS SUPERIORES DE CONSERVACIÓN E RESTAURACIÓN DE BENS CULTURAIIS PARA O CURSO 2015-16.

De acordo co establecido no apartado sexto. e) da *Resolución do 9 de abril de 2015, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se ditan instrucións para o acceso e admisión do alumnado ás ensinanzas superiores de Conservación e Restauración de Bens Culturais para o curso 2015/16.* (DOG do 27 de abril), no que se contempla a posibilidade de establecer un proceso extraordinario de acceso ás ensinanzas superiores de Conservación e Restauración de Bens Culturais (CRBBCC) no mes de setembro, e tendo en conta que unha vez rematado o prazo ordinario de matrícula no mes de xullo, quedaron prazas vacantes para o acceso aos estudos de CRBBCC esta dirección xeral **RESOLVE**

Autorizar a realización de probas extraordinarias de acceso aos estudos superiores de CRBBCC en convocatoria extraordinaria, a realizar na primeira semana do mes de setembro de 2015.

As ditas probas realizaranse de acordo co establecido na Resolución do 9 de abril citada, e serán administradas, avaliadas e cualificadas polo tribunal e segundo o calendario que se indican nesta instrución.

Santiago de Compostela, a 20 de xullo de 2015

O director xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa.



Manuel Conde Coira López

Sr. Director da Escola de Conservación e Restauración de Bens Culturais de Galicia.

Rúa General Martitegui, S/N. 36001. PONTEVEDRA.



ANEXO

1.- Calendario:

Inscripción para as probas:

Na Secretaría da Escola de Conservación e Restauración de Bens Culturais de Galicia (ECRBBCCG) en Pontevedra.

Prazo de inscrición:

Dende o día da recepción desta instrución ata o día 4 de setembro de 2015.

Publicación de inscritos/as, na páxina web da ECRBBCCG e no portal da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria:

Día 5 de setembro de 2015.

Realización da proba específica:

As probas específicas de acceso comezarán o día 7 de setembro de 2015, de acordo co calendario que para tal efecto establece a comisión avaliadora da proba específica de acceso. A ECRBBCCG organizará a distribución horaria e de espazos para facilitar a actuación da comisión avaliadora.

Publicación de cualificacións provisionais na páxina web da ECRBBCCG e no portal da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria:

Día 8 de setembro.

Publicación de cualificacións definitivas na páxina web da ECRBBCCG e no portal da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria:

Día 11 de setembro.

Matrícula:

Días 14 e 15 de setembro de 2015.

2.- Comisión avaliadora das probas específicas extraordinarias de acceso ás ensinanzas superiores de Conservación e Restauración de Bens Culturais para o curso 2015/16.

Tribunal titular	Tribunal suplente
Presidenta: Carmen Lorenzo Rivera	Presidente: Cristina Montojo Santos
Secretaria: María Dolores Cores Riveiro	Secretaria: Adelaida Lorenzo Sueiro
Vogal 1º: José Granados Marín	Vogal 1º: Araceli Torres Fernández
Vogal 2º: Ana Villarquide Jevenois	Vogal 2º: Rosa María Fernández Caamaño
Vogal 3º: Antón Pereira Abonjo	Vogal 3º: Elena Nieto Atanes